

# Parque Eólico Experimental Sotaventos

Momán - Xermade - Lugo

Un percorrido apaixonante polas enerxías renovables e o aforro enerxético

FUNDACIÓN  
SOTAVENTO  
GALICIA

Visitas gratuítas

fins de semana  
de 12:30 h. a 14:30 h.  
de 16:30 h. a 19:30 h.  
(diario de 10 h. a 18 h. previa cita)

Xestión de visitas: 981 56 37 77

[www.sotaventogalicia.com](http://www.sotaventogalicia.com)

## Que é Sotavento?

Inaugurado no ano 2001 polo Príncipe de Asturias, o Parque Eólico Experimental Sotavento é un proxecto novidoso concibido cunha dobre finalidade. Por unha banda realizar actividades de investigación e desenvolvemento no eido das enerxías renovables en xeral e da eólica en particular, e pola outra converterse nun centro de referencia en canto a formación e a divulgación das enerxías renovables e do aforro e eficiencia enerxética. Para este último obxectivo, Sotavento creou un Plan Divulgativo-Educativo propio, dirixido a todos e a todas, que comezou a s en marcha no ano 2002. Máis de 85.000 persoas visitaron, dende entón, esta singular instalación situada entre os Concellos de Xermade (Lugo) e Monfero (A Coruña).

## Que ofrece Sotavento?

Accederemos ao mundo das enerxías e o aforro enerxético da man de instalacións reais e exemplos prácticos, coa opción de recibir explicacións dirixidas por especialistas que adecuarán a súa linguaxe e explicacións aos nosos coñecementos previos.

Durante os períodos estivais, Sotavento muda ofrece programas dirixidos a turistas, familias, grupos de amigos, asociacións, campamentos etc. O tipo de actividades son máis atractivas e lúdicas, tratando de adecuarse aos intereses e características destes visitantes. As distintas salas dos 1.000 m<sup>2</sup> de **instalacións interiores** abren as súas portas para ofrecernos un percorrido polas enerxías renovables e o aforro enerxético. Distintas zonas compoñen esta viaxe:

- ✓ **Aula Divulgativa:** Mediante paneis e maquetas o visitante ponse en contacto coa realidade enerxética
- ✓ **Miradoiro:** Zona alta da sala divulgativa destinada á Enerxía solar fotovoltaica e a distintas exposicións temporais: Papaventos con Historia, aeromodelismo, Muíños do Mundo, etc
- ✓ **Taller da enerxía:** Placas solares térmicas, pezas de aeroxeradores, palas, xeotermia, paneis termodinámicos, bombas de calor, etc, completan esta zona destinada a equipos renovables reais.
- ✓ **Sala de Control:** Grandes pantallas amosan a produción e o funcionamento do parque.
- ✓ **Sala audiovisuais:** Área destinada á construción dun parque eólico.
- ✓ **Sala de eficiencia enerxética:** Lugar onde se cuantifican os distintos gastos que existen nunha casa e que poden ser corrixidos con pequenas propostas.

Os grupos organizados compostos por nenos/as e adultos/as disporán de programacións específicas nas que se desenvolverán actividades diferenciadas e tamén conxuntas, obradoiros, xogos, itinerarios, voados de papaventos, etc.

En canto a **instalacións exteriores**, destacan os aeroxeradores de distintas tecnoloxías, os cultivos enerxéticos, un museo xeolóxico ao aire libre, as mámoas, placas solares, seguidores solares, A Ruta do vento, Proxecto H<sub>2</sub>, etc Catro

quilómetros de recorrido con gran cantidade de contidos nun entorno natural presidido polas Fragas do Eume.

Durante o verán, Sotavento cede bicicletas de montaña para a visita exterior, grazas á colaboración da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible. Con esta medida, pretendese fomentar a visita sustentable ás instalacións exteriores.

### **Como visitar Sotavento?**

Aínda que con achegarse á instalación é suficiente, recoméndase reservar a visita con antelación para evitar esperas innecesarias ou posibles visitas concertadas (teñen preferencia). O número de teléfono para xestionar a visita é o 981 56 37 77 os días laborais e en horario de mañá.

### **Onde está?**

O Parque Eólico Experimental Sotavento atópase no Concello de Xermade na Provincia de Lugo a unha hora da Coruña e Santiago, 45 minutos de Lugo e Ferrol e a dúas de Vigo e Ourense.

### **Como podo obter máis información?**

Na páxina web [www.sotaventogalicia.com](http://www.sotaventogalicia.com) pódese atopar toda a información referida a Sotavento, tanto dos proxectos de investigación que desenvolve como das visitas que organiza. Poderemos tamén facer unha visita virtual e mesmo visítalo en tempo real grazas a unha webcam.

### **Canto custa?**

A visita é gratuíta.

### **Cando visitar Sotavento?**

Abre todos os días incluíndo sábados, domingos e festivos. O horario de verán en días laborais é de 10:00 a 14:00 e de 15:00 a 18:00 e nas fins de semana e festivos de 12:30 a 14:30 e de 16:30 a 19:30.

Más información:

[www.sotaventogalicia.com](http://www.sotaventogalicia.com)